

En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó *Proxecto de orde pola que se modifica o Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.*

A disposición derradeira segunda do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, establece que o anexo do dito decreto pode ser modificado mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de función pública.

En virtude da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, creáronse unha serie de escalas de persoal funcionario de carreira en previsión dos procedementos de funcionarización.

A presente orde responde á finalidade de recoller de xeito completo e ordenado todas as categorías profesionais do persoal laboral da Xunta de Galicia que son susceptibles de ser sometidas aos procesos de funcionarización. Así mesmo, cumpre os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda e Administración Pública, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia. Por razón da materia, a Dirección Xeral da Función Pública foi a competente para a elaboración da norma.

A orde contén un artigo único e unha disposición derradeira única, de entrada en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Esta regulación é adecuada para acadar a súa finalidade e resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta canle.
- 3.- Certificado da Comisión de Persoal.
- 4.- Informe tecnolóxico funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Amtega.
- 5.- Informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- 6.- Informe da Asesoría Xurídica.

En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade, se ben deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia, de acordo co criterio da Asesoría Xurídica.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro.

